

## Realidade económica e social

Unha primeira aproximación á realidade socioeconómica da área funcional de Santiago pode facerse observando os datos proporcionados polo *Atlas socioeconómico de Galicia 2005*, editado por Caixanova. Os datos recollidos nesta publicación, utilizados para a análise da realidade económica e social da área funcional de Santiago, poden ser divididos por categorías. Así, dentro do ámbito económico, analizaremos datos xerais de renda, VEB e produtividade; índices económicos que recollen aspectos industriais, comerciais e turísticos, fundamentalmente; variables con incidencia na actividade económica, así como datos da área comercial de Santiago de Compostela. Por outra banda, no que respecta ao ámbito social, analizaremos a través de diferentes índices a estrutura poboacional, facendo especial fincapé na dependencia socioeconómica da área funcional de Santiago.

O obxectivo fundamental deste capítulo é o de tratar de mostrar, dende un punto de vista estatístico, a realidade económica e social da área funcional de Santiago.

### Indicadores económicos

Este apartado ten por obxecto a análise da información municipal de variables e indicadores económicos básicos como son a renda familiar dispoñible por habitante, o valor engadido bruto por habitante, o índice de produtividade, a cota de mercado e os índices comercial, industrial, turístico e de actividade económica en xeral. En segundo lugar, analízanse indicadores de demanda como número de teléfonos, entidades financeiras e vehículos de motor.

O estudio da realidade económica da área funcional de Santiago comeza cos datos recollidos no **cadro 2.1.**, referidos á renda familiar dispoñible ao VEB e ao índice de produtividade.

A renda familiar dispoñible é unha variable estimada, neste caso para o ano 2003, que pode definirse como o nivel de renda de que dispoñen as economías domésticas para gastar e aforrar, ou ben como a suma de tódolos ingresos efectivamente percibidos polas economías domésticas durante un período. Por isto, a renda familiar dispoñible pode considerarse como o total de ingresos procedentes do traballo, máis as rendas de capital, prestacións sociais e transferencias, menos os impostos directos pagados polas familias e as cotas pagadas á Seguridade Social. Tendo isto en conta, o citado **cadro 2.1.** mostra como a renda familiar dispoñible por habitante na área funcional de Santiago é de 9.412 euros, inferior á media da provincia de A Coruña (9.530 €/h), á media galega (9.555 €/h) e moi aloxada da

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL  
INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA

*Renda, VEB e produtividade na área funcional de Santiago*

|                                   | Poboación        | Renda familiar<br>dispoñible por<br>habitante | VEB por<br>habitante | Índice de<br>produtividade |
|-----------------------------------|------------------|-----------------------------------------------|----------------------|----------------------------|
|                                   |                  | (€/hab)                                       |                      | (Base: Galicia=100)        |
| <b>Comarca de Muros</b>           | 15.335           | 9.221                                         | 9.016                | 106                        |
| Carnota                           | 5.285            | 9.161                                         | 9.019                | 107                        |
| Muros                             | 10.050           | 9.253                                         | 9.015                | 105                        |
| <b>Comarca de Noia</b>            | 36.482           | 9.230                                         | 9.407                | 111                        |
| Lousame                           | 3.912            | 8.746                                         | 7.491                | 136                        |
| Noia                              | 14.481           | 9.616                                         | 11.761               | 113                        |
| Outes                             | 8.050            | 8.838                                         | 7.523                | 93                         |
| Porto do Son                      | 10.039           | 9.183                                         | 8.300                | 115                        |
| <b>Comarca de Ordes</b>           | 38.442           | 9.043                                         | 11.986               | 102                        |
| Cerceda                           | 5.499            | 8.872                                         | 25.257               | 181                        |
| Frades                            | 2.920            | 9.012                                         | 8.505                | 86                         |
| Mesía                             | 3.216            | 8.911                                         | 9.261                | 71                         |
| Ordes                             | 12.287           | 9.146                                         | 12.315               | 87                         |
| Oroso                             | 6.155            | 9.501                                         | 9.796                | 111                        |
| Tordoia                           | 4.713            | 8.821                                         | 6.578                | 67                         |
| Trazo                             | 3.652            | 8.656                                         | 7.083                | 84                         |
| <b>Comarca de Santiago</b>        | 150.286          | 9.847                                         | 15.708               | 91                         |
| Ames                              | 20.840           | 9.864                                         | 10.807               | 163                        |
| Boqueixón                         | 4.337            | 8.987                                         | 14.139               | 132                        |
| Brión                             | 6.684            | 9.053                                         | 6.959                | 112                        |
| Santiago                          | 92.298           | 10.024                                        | 19.013               | 82                         |
| Teo                               | 16.428           | 9.913                                         | 10.668               | 168                        |
| Val do Dubra                      | 4.642            | 8.777                                         | 9.190                | 86                         |
| Vedra                             | 5.057            | 9.097                                         | 9.494                | 111                        |
| <b>Comarca de O Sar</b>           | 17.354           | 9.011                                         | 12.965               | 114                        |
| Dobro                             | 3.162            | 8.702                                         | 7.544                | 113                        |
| Padrón                            | 9.070            | 9.241                                         | 17.750               | 123                        |
| Rois                              | 5.122            | 8.793                                         | 7.840                | 89                         |
| <b>Comarca de Terra de Melide</b> | 13.911           | 9.075                                         | 9.717                | 87                         |
| Melide                            | 7.809            | 9.113                                         | 9.015                | 105                        |
| Santiso                           | 2.212            | 8.989                                         | 6.237                | 53                         |
| Sobrado                           | 2.360            | 9.097                                         | 7.724                | 90                         |
| Toques                            | 1.530            | 8.959                                         | 7.111                | 96                         |
| <b>Comarca de Xallas</b>          | 16.343           | 8.760                                         | 10.816               | 100                        |
| Mazaricos                         | 5.639            | 8.844                                         | 11.350               | 121                        |
| Santa Comba                       | 10.704           | 8.715                                         | 10.530               | 91                         |
| <b>Comarca de A Barcala</b>       | 11.385           | 8.816                                         | 7.996                | 88                         |
| A Baña                            | 4.888            | 8.502                                         | 5.255                | 81                         |
| Negreira                          | 6.497            | 9.058                                         | 10.110               | 91                         |
| <b>Comarca do Barbanza</b>        | 66.499           | 9.353                                         | 10.077               | 85                         |
| Boiro                             | 18.302           | 9.266                                         | 10.407               | 81                         |
| Pobra do Caramiñal                | 9.992            | 9.355                                         | 10.735               | 93                         |
| Rianxo                            | 11.582           | 8.968                                         | 8.340                | 90                         |
| Ribeira                           | 26.623           | 9.581                                         | 10.362               | 84                         |
| <b>Comarca de Arzúa</b>           | 18.692           | 8.958                                         | 8.998                | 90                         |
| Arzúa                             | 6.632            | 9.162                                         | 10.432               | 79                         |
| Boimorto                          | 2.486            | 9.101                                         | 7.676                | 76                         |
| O Pino                            | 4.940            | 8.809                                         | 8.463                | 128                        |
| Touro                             | 4.634            | 8.750                                         | 8.227                | 92                         |
| <b>Área funcional de Santiago</b> | <b>384.729</b>   | <b>9.412</b>                                  | <b>12.396</b>        | <b>-</b>                   |
| <b>Provincia A Coruña</b>         | <b>1.121.344</b> | <b>9.530</b>                                  | <b>13.759</b>        | <b>105</b>                 |

Fonte: Caixanova, *Atlas socio-económico de Galicia*

**Cadro 2.1.**

renda dispoñible media española (11.025 €/h). A nivel comarcal, só Santiago supera á media provincial, situándose en 9.847 €/h de renda familiar media dispoñible, fronte ás restantes nove comarcas que compoñen a área funcional, que non acadan á media da área. Tras Santiago, as tres comarcas costeiras da área funcional son as que presentan un maior nivel de renda familiar dispoñible media.

A nivel municipal, existen na área funcional cinco concellos que superan a renda familiar dispoñible media da provincia de A Coruña, destacando o concello de Santiago, con 10.024 €/h de media, seguido dos concellos de Teo, con 9.913€/h, Ames, con 9.864 €/h, e os concellos de Noia e Ribeira, con 9.616 €/h e 9.581 €/h, respectivamente.

A segunda variable a ter en conta é o Valor Engadido Bruto por habitante (VEB/h), variable estimada, tal como acontecía coa anterior, para o ano 2003, e que se obtén como saldo da conta de produción, isto é, como diferenza entre a produción de bens e servizos e o consumo intermedio, referidos ambos ao conxunto de ramas de actividade económica e tódolos sectores institucionais.

Por outra banda, é importante ter en conta as diferenzas existentes entre a renda familiar dispoñible por habitante e as estimacións que poidan realizarse do VEB/h, sobre todo cando se establecen comparacións entre concellos ou comarcas.

Neste senso, obsérvase como o VEB/h de media na área funcional de Santiago acada os 12.396 euros, aproximadamente un 10% inferior ao VEB/h medio da provincia de A Coruña, inferior tamén, nun 4,5%, ao VEB/h medio galego e nun 21,0% ao VEB/h medio existente en España. A comarca de Santiago é a única que, con 15.708 €/h de VEB, supera as medias tanto provincial como galega e estatal, fronte as nove comarcas restantes, que non acadan a media da establecida na área funcional. Sen embargo, a nivel municipal salienta a existencia na área funcional de catro concellos que superan a media: Cerceda, con 25.257 €/h; Santiago, con 19.013 €/h; Padrón, con 17.750 €/h; e Boqueixón, con 14.139 €/h. Vemos, polo tanto, como, exceptuando o concello de Santiago, o *ranking* de concellos en función da súa renda dispoñible non coincide coa clasificación de concellos en función do VEB/h. Este sería o caso de concellos residenciais como Ames ou Teo, que, con rendas familiares dispoñibles superiores aproximadamente nun 5% á existente na área funcional, teñen un volume de VEB/h un 12% e un 14% inferior á media da área funcional, respectivamente.

O rateo entre valor engadido bruto total e a poboación ocupada a nivel municipal representa o índice de produtividade. Este índice calcúlase tendo en conta a poboación ocupada derivada do *Censo de poboación e vivendas* do ano 2001 e é un índice simple que se obtén con base VEB/ocupados Galicia=100.

No que respecta ao citado índice de produtividade, catro das dez comarcas que integran a área funcional de Santiago superan o índice galego: O Sar (114), Noia (111), Muros (106) e Ordes (102). A nivel municipal, observamos como Cerceda, concello destacado en canto a VEB/h, tamén destaca no que respecta ao índice de produtividade, cun valor de 181. Sen embargo, obsérvase así mesmo como concellos non significativos en canto a volume de VEB/h destacan no índice de produtividade. Este é o caso de concellos como Ames ou Teo, con índices de produtividade de 163 e 168, respectivamente.

Antes de seguir analizando os indicadores e variables económicas proporcionados polo *Atlas socio-económico de Galicia* para os concellos da área funcional, e coa intención de completar esta primeira visión xeral da renda dos concellos da área, é importante analizar o indicador municipal de renda así como a conta de renda dos fogares, da que se deduce o citado indicador. O indicador de renda municipal é un instrumento básico á hora de analizar a distribución de renda dos fogares residentes en Galicia dende un punto de vista municipal.

A variable que mellor reflicte o nivel de renda das familias residentes nun determinado territorio económico é a **renda dispoñible bruta**, que se obtén como a diferenza entre recursos e empregos da

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL  
INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA

*Conta de renda dos fogares 2002*

|                                       | Recursos                                     |                          |                     |                 | Empregos                    |                     |                        |
|---------------------------------------|----------------------------------------------|--------------------------|---------------------|-----------------|-----------------------------|---------------------|------------------------|
|                                       | Excedente de explotación bruto / Renda mixta | Remuneración asalariados | Prestacións sociais | Outros recursos | Impostos renda e patrimonio | Cotizacións sociais | Renda dispoñible bruta |
|                                       | (Base 2000)<br>(€/habitante)                 |                          |                     |                 |                             |                     |                        |
| Comarca de Muros                      | 2.127                                        | 4.080                    | 2.111               | 670             | 323                         | 1.174               | 7.490                  |
| Carnota                               | 2.267                                        | 3.860                    | 2.348               | 858             | 271                         | 1.143               | 7.919                  |
| Muros                                 | 2.080                                        | 4.252                    | 2.012               | 579             | 356                         | 1.206               | 7.361                  |
| Comarca de Noia                       | 2.390                                        | 4.496                    | 1.882               | 461             | 404                         | 1.304               | 7.857                  |
| Lousame                               | 1.936                                        | 4.023                    | 1.931               | 246             | 240                         | 1.170               | 6.726                  |
| Noia                                  | 2.640                                        | 5.235                    | 1.902               | 1.055           | 574                         | 1.511               | 8.747                  |
| Outes                                 | 2.280                                        | 3.644                    | 1.948               | 1.007           | 295                         | 1.089               | 7.495                  |
| Porto do Son                          | 2.340                                        | 4.398                    | 1.809               | 488             | 320                         | 1.259               | 7.456                  |
| Comarca de Ordes                      | 2.715                                        | 4.872                    | 1.642               | 679             | 435                         | 1.613               | 8.643                  |
| Cerceda                               | 2.947                                        | 4.957                    | 2.052               | 1.497           | 438                         | 1.521               | 9.494                  |
| Frades                                | 3.459                                        | 4.082                    | 1.630               | 315             | 307                         | 1.360               | 7.819                  |
| Mesía                                 | 3.474                                        | 3.927                    | 1.838               | 282             | 306                         | 1.320               | 7.895                  |
| Ordes                                 | 3.286                                        | 6.203                    | 1.560               | 614             | 537                         | 1.858               | 9.268                  |
| Oroso                                 | 2.456                                        | 7.784                    | 1.189               | 374             | 640                         | 2.186               | 8.977                  |
| Tordoia                               | 3.037                                        | 3.070                    | 1.741               | 672             | 181                         | 1.060               | 7.279                  |
| Trazo                                 | 3.205                                        | 3.772                    | 1.704               | 808             | 328                         | 1.253               | 7.908                  |
| Comarca de Santiago                   | 2.474                                        | 8.699                    | 1.655               | 549             | 1.224                       | 2.385               | 9.768                  |
| Ames                                  | 2.211                                        | 10.131                   | 1.151               | 304             | 1.107                       | 2.713               | 9.977                  |
| Boqueixón                             | 2.864                                        | 4.633                    | 1.591               | 356             | 354                         | 1.438               | 7.652                  |
| Brión                                 | 2.024                                        | 6.561                    | 1.522               | 375             | 695                         | 1.826               | 7.961                  |
| Santiago                              | 2.517                                        | 8.925                    | 1.799               | 640             | 1.389                       | 2.441               | 10.051                 |
| Teo                                   | 2.251                                        | 9.694                    | 1.317               | 320             | 1.296                       | 2.612               | 9.674                  |
| Val do Dubra                          | 3.274                                        | 3.473                    | 1.958               | 1.014           | 271                         | 1.188               | 8.280                  |
| Vedra                                 | 2.453                                        | 5.756                    | 1.610               | 372             | 513                         | 1.675               | 8.003                  |
| Comarca de O Sar                      | 2.026                                        | 5.333                    | 1.739               | 505             | 394                         | 1.524               | 7.685                  |
| Dobro                                 | 1.677                                        | 5.395                    | 1.714               | 229             | 261                         | 1.496               | 7.258                  |
| Padrón                                | 2.014                                        | 5.536                    | 1.736               | 645             | 485                         | 1.576               | 7.870                  |
| Rois                                  | 2.281                                        | 4.965                    | 1.773               | 429             | 315                         | 1.458               | 7.675                  |
| Comarca de Terra de Melide            | 3.072                                        | 3.164                    | 1.884               | 365             | 265                         | 1.082               | 7.138                  |
| Melide                                | 2.916                                        | 3.564                    | 1.779               | 493             | 346                         | 1.169               | 7.237                  |
| Santiso                               | 3.611                                        | 2.616                    | 1.904               | 130             | 176                         | 1.002               | 7.083                  |
| Sobrado                               | 3.149                                        | 2.581                    | 2.217               | 291             | 156                         | 939                 | 7.143                  |
| Toques                                | 3.045                                        | 2.751                    | 1.930               | 140             | 130                         | 968                 | 6.768                  |
| Comarca de Xallas                     | 3.241                                        | 3.245                    | 1.699               | 2.286           | 305                         | 1.116               | 9.050                  |
| Mazaricos                             | 3.005                                        | 2.748                    | 1.713               | 956             | 291                         | 979                 | 7.152                  |
| Santa Comba                           | 3.404                                        | 3.549                    | 1.709               | 3.032           | 316                         | 1.202               | 10.176                 |
| Comarca de A Barcala                  | 2.803                                        | 3.767                    | 1.801               | 710             | 354                         | 1.213               | 7.541                  |
| A Baña                                | 2.438                                        | 2.958                    | 1.765               | 558             | 192                         | 967                 | 6.560                  |
| Negreira                              | 3.109                                        | 4.428                    | 1.842               | 879             | 482                         | 1.413               | 8.363                  |
| Comarca do Barbanza                   | 2.295                                        | 5.455                    | 1.848               | 400             | 516                         | 1.521               | 7.962                  |
| Boiro                                 | 2.644                                        | 5.651                    | 1.818               | 388             | 550                         | 1.579               | 8.372                  |
| Pobra do Caramiñal                    | 2.247                                        | 5.676                    | 2.166               | 387             | 602                         | 1.577               | 8.297                  |
| Rianxo                                | 2.777                                        | 5.108                    | 1.798               | 448             | 422                         | 1.457               | 8.252                  |
| Ribeira                               | 1.850                                        | 5.364                    | 1.761               | 389             | 499                         | 1.481               | 7.384                  |
| Comarca de Arzúa                      | 2.788                                        | 3.940                    | 1.864               | 305             | 331                         | 1.249               | 7.317                  |
| Arzúa                                 | 3.337                                        | 4.131                    | 1.865               | 381             | 394                         | 1.361               | 7.959                  |
| Boimorto                              | 3.046                                        | 3.278                    | 2.312               | 253             | 281                         | 1.109               | 7.499                  |
| O Pino                                | 2.108                                        | 4.229                    | 1.687               | 205             | 303                         | 1.245               | 6.681                  |
| Touro                                 | 2.631                                        | 3.795                    | 1.844               | 335             | 304                         | 1.192               | 7.109                  |
| <b>Área funcional de Santiago (1)</b> | <b>2.506</b>                                 | <b>6.180</b>             | <b>1.757</b>        | <b>593</b>      | <b>723</b>                  | <b>1.770</b>        | <b>8.653</b>           |
| <b>Provincia A Coruña</b>             | <b>2.450</b>                                 | <b>7.041</b>             | <b>2.074</b>        | <b>628</b>      | <b>935</b>                  | <b>1.966</b>        | <b>9.292</b>           |

(1) Os Datos comarcais e do total da Área funcional calcúlanse tendo en conta a poboación do ano 2002, así como o valor absolutos dos sinalados conceptos en cada concello  
Fonte: IGE

**Cadro 2.2.**

conta de renda dos fogares. Esta conta está recollida no **cadro 2.2.**, que se analiza brevemente a continuación.

O sector fogares comprende os individuos ou grupos de individuos, tanto na súa condición de consumidores como, eventualmente, na de empresarios, sempre que, neste último caso, as actividades correspondentes non sexan realizadas por entidades diferenciadas tratadas coma cuasisociedades. Na súa condición de consumidores, os fogares poden definirse como pequenos grupos de persoas que comparten un mesmo aloxamento e poñen en común unha parte ou a totalidade das súas rendas e o seu patrimonio, e que consumen colectivamente determinados bens e servizos, principalmente de aloxamento e alimentación.

A conta da renda dos fogares para os concellos da área funcional de Santiago reflicte, en primeiro lugar, que o recurso máis importante nas dez comarcas que compoñen a área funcional, así como en todos os concellos da mesma salvo en catro (Santiso, Sobrado, Toques e Mazaricos) é a remuneración dos asalariados, que comprende toda a remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seu asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. En canto ao volume deste recurso, destacan os concellos de Ames, Teo, Santiago e Oroso.

O segundo recurso en canto ao seu volume dentro da área funcional é o excedente de explotación bruto e a renda mixta, definido como o excedente xerado pola produción por conta propia de servizos de alugamento das vivendas ocupadas polos seus propietarios e a renda mixta, que corresponde á remuneración do traballo realizado polo propietario de empresas non constituídas en sociedades, ou aos membros da súa familia, e que non poden distinguirse dos seus beneficios como empresario. A remuneración media por este concepto no conxunto da área funcional é de 2.506 euros, fronte aos 2.450 euros da provincia de A Coruña.

Dentro dos empregos, as cotizacións sociais son, sen lugar a dúbidas, nos 39 concellos da área funcional de Santiago, o emprego máis importante en canto ao volume da renda dos fogares. Inclúense neste *emprego* tanto as cotizacións sociais efectivas como as imputadas. As cotizacións sociais efectivas comprenden todos os pagamentos que as persoas aseguradas ou os seus empregadores fan, directamente ou a través dun organismo recadador, a institucións que conceden prestacións sociais, a fin de adquirir ou mante-lo dereito a estas prestacións. Inclúense as cotizacións sociais efectivas a cargo dos empregadores, dos asalariados, dos traballadores autónomos e desempregados. As cotizacións sociais imputadas representan a contrapartida das prestacións sociais directas dos empregadores.

A diferenza entre os recursos e os empregos de renda proporciona a renda dispoñible bruta dos 39 concellos da área funcional, elemento básico no cálculo do Indicador Municipal da Renda dos Fogares. A renda dispoñible bruta, tal como se observa no citado **cadro 2.2.**, da provincia de A Coruña sitúase en 9.292 euros, valor que só é superado por seis concellos dos 39 que compoñen a área funcional: Santa Comba (10.176), Santiago (10.051), Ames (9.977), Teo (9.674), Cerceda (9.494) e Ordes (9.268).

Tomando a renda dispoñible bruta media de Galicia no ano 2002 como base 100 (9.117 €/h=100), obsérvase como, tal como se refire no **cadro 2.3.**, o índice municipal da renda dos fogares do ano 2002 (valor provisional) dos concellos da área funcional de Santiago indica que só os concellos de Santa Comba, Santiago, Ames, Teo, Cerceda e Ordes superan a media de renda galega, con índices de 112, 110, 109, 106, 104 e 102, respectivamente. Así mesmo, destacan a estabilidade ou lixeiro ascenso dos índices municipais no período 2000-2002, aínda que salienta tamén a evolución deste índice en concellos como Ames, onde pasou de 121 puntos no ano 2000 a 109 puntos no ano 2002.

Como complemento aos datos indicativos do nivel de renda municipal, segundo o indicador “nivel económico” elaborado polo servizo de estudos de La Caixa, e que fai referencia a unha estimación da renda familiar dispoñible por habitante, os concellos de Santiago, Noia, Ames, Pobra do Caramiñal,

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL  
INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA

*Indicador municipal da renda dos fogares 2000-02*

|                                   | 2000        | 2001 | 2002 |
|-----------------------------------|-------------|------|------|
|                                   | (Base 2000) |      |      |
| <b>Comarca de Muros</b>           |             |      |      |
| Carnota                           | 82          | 83   | 87   |
| Muros                             | 79          | 80   | 81   |
| <b>Comarca de Noia</b>            |             |      |      |
| Lousame                           | 70          | 73   | 74   |
| Noia                              | 95          | 96   | 96   |
| Outes                             | 79          | 81   | 82   |
| Porto do Son                      | 77          | 80   | 82   |
| <b>Comarca de Ordes</b>           |             |      |      |
| Cerceda                           | 106         | 104  | 104  |
| Frades                            | 82          | 85   | 86   |
| Mesía                             | 82          | 85   | 87   |
| Ordes                             | 101         | 103  | 102  |
| Oroso                             | 103         | 99   | 98   |
| Tordoia                           | 76          | 79   | 80   |
| Trazo                             | 83          | 85   | 87   |
| <b>Comarca de Santiago</b>        |             |      |      |
| Ames                              | 121         | 114  | 109  |
| Boqueixón                         | 85          | 85   | 84   |
| Brión                             | 90          | 89   | 87   |
| Santiago                          | 109         | 110  | 110  |
| Teo                               | 111         | 108  | 106  |
| Val do Dubra                      | 91          | 92   | 91   |
| Vedra                             | 84          | 86   | 88   |
| <b>Comarca de O Sar</b>           |             |      |      |
| Dobro                             | 77          | 78   | 80   |
| Padrón                            | 82          | 83   | 86   |
| Rois                              | 81          | 82   | 84   |
| <b>Comarca de Terra de Melide</b> |             |      |      |
| Melide                            | 78          | 83   | 79   |
| Santiso                           | 80          | 79   | 78   |
| Sobrado                           | 76          | 77   | 78   |
| Toques                            | 73          | 73   | 74   |
| <b>Comarca de Xallas</b>          |             |      |      |
| Mazaricos                         | 75          | 79   | 78   |
| Santa Comba                       | 106         | 105  | 112  |
| <b>Comarca de A Barcala</b>       |             |      |      |
| A Baña                            | 68          | 71   | 72   |
| Negreira                          | 90          | 93   | 92   |
| <b>Comarca do Barbanza</b>        |             |      |      |
| Boiro                             | 92          | 93   | 92   |
| Pobra do Caramiñal                | 89          | 91   | 91   |
| Rianxo                            | 89          | 92   | 91   |
| Ribeira                           | 78          | 80   | 81   |
| <b>Comarca de Arzúa</b>           |             |      |      |
| Arzúa                             | 83          | 87   | 87   |
| Boimorto                          | 81          | 84   | 82   |
| O Pino                            | 73          | 74   | 73   |
| Touro                             | 75          | 78   | 78   |

(1) Estimación provisional  
Fonte: IGE

**Cadro 2.3.**

Oroso, Teo e Ribeira son os únicos da área funcional analizada que acadan o nivel 4 (9.300 - 10.200 euros), mestres que os restantes sitúanse no nivel 3 (8.300 - 9.300 euros), para o ano 2003.

Para completar esta primeira aproximación á realidade económica da área funcional de Santiago analízanse a continuación os chamados indicadores económicos e as variables con incidencia na actividade económica da área.

Dentro dos índices económicos, o **cadro 2.4.** mostra tanto a cota de mercado coma os índices de participación territorial para os 39 concellos que compoñen a área funcional.

A **cota de mercado** é un indicador da capacidade de consumo comparativa dos diferentes concellos, neste caso referida ao ano 2004, expresando a participación, en tanto por dez mil, de cada concello sobre unha base para o total de Galicia de 10.000 unidades. Así, a provincia de A Coruña alcanza a maior importancia en canto á capacidade de consumo das catro provincias galegas, co 39,97% da cota de mercado galega. Dentro desta provincia, a área funcional de Santiago acada o 34,6% da cota de mercado provincial e o 13,84% da cota de mercado galega. Dentro da área funcional, a comarca con maior cota de mercado é a de Santiago, cun valor de 593, o que representa máis do dobre do valor da cota de mercado da segunda comarca en importancia por este concepto dentro da área funcional, que é o Barbanza, con 224 puntos. A nivel municipal, Santiago, cunha cota de mercado de 403 puntos, é, con diferenza, o concello cunha maior capacidade de consumo, non existindo dentro da área funcional analizada ningún outro concello que supere o límite de 100 puntos de cota de mercado.

Dentro dos índices de participación territorial, estúdase en primeiro lugar o **índice de poboación**, un índice comparativo da importancia da poboación de cada concello a un de xaneiro de 2004 que reflicte o peso relativo, en tanto por dez mil, da poboación dun municipio respecto do total de Galicia, con base poboación de Galicia = 10.000 unidades.

Este índice está relacionado coa anteriormente analizada cota de mercado, xa que esta última é fundamentalmente función da poboación e do seu poder adquisitivo. Os resultados do índice de poboación amosan como a provincia de A Coruña acolle o 40% da poboación galega e que o 34,1% da poboación empadroada nesa provincia reside na área funcional de Santiago. O concello de Santiago é o máis relevante poboacionalmente e nel vive máis do 24% da poboación total da área funcional e o 3,4% da poboación total galega.

O segundo índice representado no **cadro 2.4.** é o chamado **índice industrial**, unha comparación da importancia da industria, incluída a construción, de cada concello referida ao ano 2003. Este índice elabórase en función do Imposto de Actividades Económicas (IAE) correspondente ás actividades industriais. O seu valor indica o peso relativo, en tanto por dez mil, da industria dun concello respecto ao total de Galicia, en base: total euros de recadación de impostos (IAE) en Galicia = 10.000 unidades.

O **cadro 2.4.** mostra na columna referida ao índice industrial como a provincia de A Coruña acada 4.046 unidades das 10.000 galegas, o que supón que o 40,5% da actividade industrial galega medida baixo os anteriormente citados parámetros está localizada nesa provincia, dentro da que a área funcional de Santiago representa o 10,5% da actividade industrial galega. A nivel municipal destaca, tal como acontecía na análise dos anteriores índices, o concello de Santiago, cun índice industrial de 223 unidades, acollendo polo tanto ao 2,23% da actividade industrial, incluída construción, de Galicia. Sen embargo, é importante destacar o elevado índice de Cerceda, concello que, cunha cota de mercado de 19 e un índice de poboación de só 20 puntos, acada un valor no índice industrial de 145 unidades, o que supón que o 1,4% da actividade industrial do conxunto de Galicia está localizada neste concello, que no ano 2003, ano ao que se refire este índice, contaba cunha poboación de 5.471 habitantes.

O **índice comercial** é un índice comparativo da importancia do comercio, maiorista e retalista conxuntamente, de cada concello referido ao ano 2003. Elabórase en función do Imposto de Actividades

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL  
INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA

*Índices de participación territorial na área funcional de Santiago*

|                                   | Cota de<br>mercado | Índice de<br>poboación | Índice<br>industrial | Índice<br>comercial | Índice de<br>restauración e<br>bares | Índice<br>turístico | Índice de<br>actividade<br>económica |
|-----------------------------------|--------------------|------------------------|----------------------|---------------------|--------------------------------------|---------------------|--------------------------------------|
| (Base: Galicia = 10.000)          |                    |                        |                      |                     |                                      |                     |                                      |
| <b>Comarca de Muros</b>           | 53                 | 56                     | 38                   | 34                  | 50                                   | 38                  | 31                                   |
| Carnota                           | 18                 | 19                     | 23                   | 10                  | 13                                   | 5                   | 11                                   |
| Muros                             | 35                 | 37                     | 15                   | 24                  | 37                                   | 33                  | 20                                   |
| <b>Comarca de Noia</b>            | 121                | 132                    | 88                   | 84                  | 130                                  | 80                  | 82                                   |
| Lousame                           | 11                 | 14                     | 12                   | 4                   | 5                                    | 2                   | 7                                    |
| Noia                              | 51                 | 53                     | 44                   | 48                  | 64                                   | 36                  | 44                                   |
| Outes                             | 27                 | 29                     | 10                   | 16                  | 23                                   | 11                  | 12                                   |
| Porto do Son                      | 32                 | 36                     | 22                   | 16                  | 38                                   | 31                  | 19                                   |
| <b>Comarca de Ordes</b>           | 132                | 130                    | 209                  | 90                  | 140                                  | 34                  | 121                                  |
| Cerceda                           | 19                 | 20                     | 145                  | 10                  | 14                                   | 1                   | 50                                   |
| Frades                            | 10                 | 1                      | 4                    | 7                   | 6                                    | -                   | 5                                    |
| Mesía                             | 10                 | 12                     | 10                   | 5                   | 7                                    | 2                   | 6                                    |
| Ordes                             | 46                 | 45                     | 32                   | 41                  | 82                                   | 22                  | 39                                   |
| Oroso                             | 20                 | 22                     | 8                    | 17                  | 19                                   | 8                   | 12                                   |
| Tordoia                           | 15                 | 17                     | 6                    | 4                   | 6                                    | -                   | 5                                    |
| Trazo                             | 12                 | 13                     | 4                    | 6                   | 6                                    | 1                   | 4                                    |
| <b>Comarca de Santiago</b>        | 593                | 547                    | 363                  | 769                 | 574                                  | 1.653               | 650                                  |
| Ames                              | 68                 | 76                     | 48                   | 54                  | 47                                   | 16                  | 54                                   |
| Boqueixón                         | 15                 | 16                     | 35                   | 12                  | 10                                   | 1                   | 32                                   |
| Brión                             | 19                 | 24                     | 9                    | 6                   | 10                                   | 9                   | 9                                    |
| Santiago                          | 403                | 336                    | 223                  | 629                 | 433                                  | 1.537               | 495                                  |
| Teo                               | 53                 | 60                     | 27                   | 43                  | 49                                   | 72                  | 39                                   |
| Val do Dubra                      | 18                 | 17                     | 9                    | 12                  | 12                                   | 4                   | 10                                   |
| Vedra                             | 17                 | 18                     | 12                   | 13                  | 13                                   | 14                  | 11                                   |
| <b>Comarca de O Sar</b>           | 60                 | 63                     | 102                  | 54                  | 51                                   | 47                  | 74                                   |
| Dobro                             | 10                 | 11                     | 6                    | 5                   | 6                                    | 3                   | 4                                    |
| Padrón                            | 34                 | 33                     | 85                   | 41                  | 36                                   | 43                  | 61                                   |
| Rois                              | 16                 | 19                     | 11                   | 8                   | 9                                    | 1                   | 9                                    |
| <b>Comarca de Terra de Melide</b> | 47                 | 51                     | 30                   | 36                  | 46                                   | 23                  | 32                                   |
| Melide                            | 29                 | 28                     | 21                   | 29                  | 37                                   | 11                  | 25                                   |
| Santiso                           | 6                  | 8                      | 2                    | 2                   | 1                                    | 6                   | 2                                    |
| Sobrado                           | 8                  | 9                      | 3                    | 4                   | 6                                    | 5                   | 3                                    |
| Toques                            | 4                  | 6                      | 4                    | 1                   | 2                                    | 1                   | 2                                    |
| <b>Comarca de Xallas</b>          | 54                 | 59                     | 67                   | 43                  | 70                                   | 14                  | 49                                   |
| Mazaricos                         | 18                 | 20                     | 36                   | 11                  | 12                                   | 4                   | 18                                   |
| Santa Comba                       | 36                 | 39                     | 31                   | 32                  | 58                                   | 10                  | 31                                   |
| <b>Comarca de A Barcala</b>       | 38                 | 42                     | 11                   | 23                  | 30                                   | 16                  | 17                                   |
| A Baña                            | 14                 | 18                     | 3                    | 3                   | 7                                    | 1                   | 3                                    |
| Negreira                          | 24                 | 24                     | 8                    | 20                  | 23                                   | 15                  | 14                                   |
| <b>Comarca do Barbanza</b>        | 224                | 242                    | 117                  | 172                 | 227                                  | 178                 | 149                                  |
| Boiro                             | 61                 | 67                     | 43                   | 44                  | 63                                   | 16                  | 42                                   |
| Pobra do Caramiñal                | 33                 | 36                     | 22                   | 26                  | 36                                   | 19                  | 26                                   |
| Rianxo                            | 39                 | 42                     | 13                   | 23                  | 40                                   | 14                  | 18                                   |
| Ribeira                           | 91                 | 97                     | 39                   | 79                  | 88                                   | 129                 | 63                                   |
| <b>Comarca de Arzúa</b>           | 62                 | 68                     | 30                   | 45                  | 46                                   | 35                  | 35                                   |
| Arzúa                             | 24                 | 24                     | 11                   | 17                  | 20                                   | 20                  | 15                                   |
| Boimorto                          | 8                  | 9                      | 2                    | 5                   | 4                                    | 2                   | 4                                    |
| O Pino                            | 15                 | 18                     | 8                    | 13                  | 13                                   | 10                  | 9                                    |
| Touro                             | 15                 | 17                     | 9                    | 10                  | 9                                    | 3                   | 7                                    |
| <b>Área funcional de Santiago</b> | 1.384              | 1.390                  | 1.055                | 1.350               | 1.364                                | 2.118               | 1.240                                |
| <b>Provincia A Coruña</b>         | 3.997              | 4.076                  | 4.046                | 4.203               | 4.443                                | 4.665               | 4.269                                |
| <b>Santiago/A Coruña (%)</b>      | 34,6               | 34,1                   | 26,1                 | 32,1                | 30,7                                 | 45,4                | 29,0                                 |

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

**Cadro 2.4.**

Económicas (IAE) correspondente ás actividades comerciais e reflicte o peso relativo, en tanto por dez mil, da actividade comercial dun concello respecto ao total de Galicia, en base: total euros de recadación de impostos (IAE) en Galicia = 10.000 unidades.

O 42% do total de IAE por actividade comercial recadado en Galicia corresponde á provincia de A Coruña, do que o 26% recádase na área funcional de Santiago. Dentro da área funcional destaca con gran claridade o concello de Santiago, cun valor do seu índice comercial de 629 unidades, o que supón que o 46,6% da actividade comercial existente na área funcional de Santiago está localiza no concello de Santiago.

O **índice turístico**, representado tamén no **cadro 2.4.**, é, ao igual que os anteriormente analizados, un índice comparativo da importancia turística de cada concello, referido ao ano 2003. Oobtense en función da cota ou imposto de actividades económicas (IAE) correspondente ás actividades turísticas, o cal se basea á súa vez na categoría dos establecementos turísticos, número de habitacións e ocupación anual, polo que constitúe na práctica un indicador da oferta turística. O seu valor amosa, igual que os anteriores, a participación en tanto por 10.000 de cada concello sobre o total galego de 10.000 unidades.

Este índice reflicte como o 21,2% da oferta turística total galega está localizada na área funcional de Santiago, da que o 72,6% pertence ao concello de Santiago, que acada un valor de 1.537 unidades.

Destaca a escasa relevancia do índice turístico nos concellos costeiros da área, como Noia, Muros, Ribeira, Rianxo, Boiro ou Pobra do Caramiñal, que acadan en tódolos casos valores inferiores a 100 unidades, moi lonxe dos acadados en concellos da provincia de Pontevedra como Sanxenxo ou O Grove, que obteñen valores superiores a 500 e 400 puntos, respectivamente.

O último indicador analizado é o **índice de actividade económica**, que se obtén en función do imposto correspondente ao total de actividades económicas empresariais (industriais, comerciais e de servizos) e profesionais (datos de 2003). O seu valor expresa a participación da actividade económica, en tanto por 10.000, de cada concello sobre unha base galega de 10.000 unidades equivalente á recadación do imposto de actividades económicas, empresariais e profesionais en Galicia.

O índice de actividade económica, como se mostra no **cadro 2.4.**, segue a tendencia xeral observada nos índices anteriores. Así, o 42,7% da actividade económica total galega, medida seguindo os criterios sinalados, está localizada na provincia de A Coruña, da que o 29% pertence á área funcional de Santiago, que acolle ao 12,4% da actividade económica de Galicia. Dentro da área funcional destaca a comarca do Barbanza, cun índice de actividade económica de 650 puntos, seguida a distancia pola comarca do Barbanza, cun índice de 149 puntos. A nivel municipal segue a se-lo concello de Santiago o que presenta un maior valor, acadando un índice de actividade económica de 495 unidades, seguido do concello de Ribeira (63 unidades), Ames (54 unidades) e Cerceda (50 unidades).

Comparando a participación territorial dos índices de poboación e de actividade económica, obsérvase que no conxunto da área funcional só cinco concellos seguen a liña provincial no que respecta á diferenza favorable entre a participación da actividade económica (índice de actividade económica) e a participación da poboación (índice de poboación), destacando o concello de Santiago, onde a participación económica é 1,6 puntos porcentuais superior á súa participación poboacional no conxunto de Galicia. En Santiago tamén é destacable a diferenza que existe entre a súa poboación, que é o 3,4% da galega, e a súa actividade turística, que acada o 15,4% da existente na Comunidade.

Para completar unha visión resumida e global da realidade económica da área funcional, analízase de seguido unha serie de variables económicas, recollidas no **cadro 2.5.**, que, ao contrario dos índices económicos anteriormente descritos expresados en porcentaxes, son magnitudes expresadas en

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL  
INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA

*Teléfonos e oficinas bancarias na área funcional de Santiago a 01/1/2004*

|                                   | Teléfonos      |                |                | Oficinas bancarias |                  |               |            |
|-----------------------------------|----------------|----------------|----------------|--------------------|------------------|---------------|------------|
|                                   | Uso doméstico  | Resto          | Total          | Bancos             | Caixas de aforro | Coop. Crédito | Total      |
| Comarca de Muros                  | 4.326          | 1.162          | 5.488          | 10                 | 7                | -             | 17         |
| Carnota                           | 1.526          | 338            | 1.864          | 3                  | 3                | -             | 6          |
| Muros                             | 2.800          | 824            | 3.624          | 7                  | 4                | -             | 11         |
| Comarca de Noia                   | 9.480          | 2.913          | 12.393         | 13                 | 11               | -             | 24         |
| Lousame                           | 925            | 105            | 1.030          | -                  | -                | -             | -          |
| Noia                              | 3.824          | 1.658          | 5.482          | 6                  | 5                | -             | 11         |
| Outes                             | 2.052          | 474            | 2.526          | 4                  | 3                | -             | 7          |
| Porto do Son                      | 2.679          | 676            | 3.355          | 3                  | 3                | -             | 6          |
| Comarca de Ordes                  | 8.772          | 2.806          | 11.578         | 17                 | 14               | -             | 31         |
| Cerceda                           | 1.334          | 382            | 1.716          | 2                  | 2                | -             | 4          |
| Frades                            | 645            | 130            | 775            | 1                  | 1                | -             | 2          |
| Mesía                             | 790            | 126            | 916            | 1                  | 1                | -             | 2          |
| Ordes                             | 2.800          | 1.300          | 4.100          | 7                  | 5                | -             | 12         |
| Oroso                             | 1.323          | 595            | 1.918          | 3                  | 1                | -             | 4          |
| Tordoia                           | 1.051          | 145            | 1.196          | 2                  | 2                | -             | 4          |
| Trazo                             | 829            | 128            | 957            | 1                  | 2                | -             | 3          |
| Comarca de Santiago               | 35.718         | 23.674         | 59.392         | 77                 | 64               | 1             | 142        |
| Ames                              | 5.241          | 2.300          | 7.541          | 9                  | 6                | -             | 15         |
| Boqueixón                         | 955            | 284            | 1.239          | 2                  | 2                | -             | 4          |
| Brión                             | 1.566          | 284            | 1.850          | -                  | 1                | -             | 1          |
| Santiago                          | 21.525         | 18.328         | 39.853         | 56                 | 49               | 1             | 106        |
| Teo                               | 4.197          | 1.843          | 6.040          | 4                  | 3                | -             | 7          |
| Val do Dubra                      | 1.121          | 303            | 1.424          | 5                  | 2                | -             | 7          |
| Vedra                             | 1.113          | 332            | 1.445          | 1                  | 1                | -             | 2          |
| Comarca de O Sar                  | 3.784          | 1.689          | 5.473          | 7                  | 6                | -             | 13         |
| Dobro                             | 741            | 172            | 913            | -                  | 1                | -             | 1          |
| Padrón                            | 1.953          | 1.285          | 3.238          | 5                  | 3                | -             | 8          |
| Rois                              | 1.090          | 232            | 1.322          | 2                  | 2                | -             | 4          |
| Comarca de Terra de Melide        | 3.334          | 1.145          | 4.479          | 6                  | 4                | 1             | 11         |
| Melide                            | 1.855          | 895            | 2.750          | 5                  | 3                | 1             | 9          |
| Santiso                           | 523            | 88             | 611            | -                  | -                | -             | -          |
| Sobrado                           | 624            | 120            | 744            | 1                  | 1                | -             | 2          |
| Toques                            | 332            | 42             | 374            | -                  | -                | -             | -          |
| Comarca de Xallas                 | 3.529          | 942            | 4.471          | 7                  | 3                | -             | 10         |
| Mazaricos                         | 1.176          | 203            | 1.379          | 3                  | 1                | -             | 4          |
| Santa Comba                       | 2.353          | 739            | 3.092          | 4                  | 2                | -             | 6          |
| Comarca de A Barcala              | 2.644          | 765            | 3.409          | 5                  | 3                | -             | 8          |
| A Baña                            | 1.091          | 134            | 1.225          | 1                  | 1                | -             | 2          |
| Negreira                          | 1.553          | 631            | 2.184          | 4                  | 2                | -             | 6          |
| Comarca do Barbanza               | 16.108         | 6.471          | 22.579         | 24                 | 26               | -             | 50         |
| Boiro                             | 4.290          | 1.623          | 5.913          | 6                  | 6                | -             | 12         |
| Pobra do Caramiñal                | 2.451          | 1.032          | 3.483          | 4                  | 3                | -             | 7          |
| Rianxo                            | 2.849          | 886            | 3.735          | 4                  | 5                | -             | 9          |
| Ribeira                           | 6.518          | 2.930          | 9.448          | 10                 | 12               | -             | 22         |
| Comarca de Arzúa                  | 4.434          | 1.185          | 5.619          | 8                  | 6                | -             | 14         |
| Arzúa                             | 1.599          | 667            | 2.266          | 5                  | 3                | -             | 8          |
| Boimorto                          | 643            | 108            | 751            | 1                  | 1                | -             | 2          |
| O Pino                            | 1.096          | 207            | 1.303          | 1                  | 1                | -             | 2          |
| Touro                             | 1.096          | 203            | 1.299          | 1                  | 1                | -             | 2          |
| <b>Área funcional de Santiago</b> | <b>92.129</b>  | <b>42.752</b>  | <b>134.881</b> | <b>174</b>         | <b>144</b>       | <b>2</b>      | <b>320</b> |
| <b>Provincia A Coruña</b>         | <b>265.569</b> | <b>126.621</b> | <b>392.190</b> | <b>511</b>         | <b>409</b>       | <b>3</b>      | <b>923</b> |

Fonte: *Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia*

**Cadro 2.5.**

*Parque de vehículos de motor da área funcional da Santiago*

|                                   | Automóviles    | Camionetas e furgonetas | Motos         | Outros        | Total vehículos | Matriculacións |
|-----------------------------------|----------------|-------------------------|---------------|---------------|-----------------|----------------|
| <b>Comarca de Muros</b>           | 5.549          | 634                     | 186           | 85            | 6.454           | 483            |
| Carnota                           | 1.903          | 206                     | 33            | 34            | 2.176           | 145            |
| Muros                             | 3.646          | 428                     | 153           | 51            | 4.278           | 338            |
| <b>Comarca de Noia</b>            | 14.195         | 2.168                   | 574           | 304           | 17.241          | 1.024          |
| Lousame                           | 1.633          | 255                     | 74            | 44            | 2.006           | 99             |
| Noia                              | 5.547          | 949                     | 215           | 120           | 6.831           | 453            |
| Outes                             | 3.377          | 508                     | 109           | 96            | 4.090           | 216            |
| Porto do Son                      | 3.638          | 456                     | 176           | 44            | 4.314           | 256            |
| <b>Comarca de Ordes</b>           | 17.032         | 2.713                   | 681           | 963           | 21.389          | 1.173          |
| Cereda                            | 2.460          | 390                     | 80            | 97            | 3.027           | 161            |
| Frades                            | 1.270          | 200                     | 43            | 41            | 1.554           | 79             |
| Mesía                             | 1.557          | 229                     | 52            | 110           | 1.948           | 93             |
| Ordes                             | 5.508          | 1.028                   | 218           | 416           | 7.170           | 385            |
| Oroso                             | 2.439          | 408                     | 76            | 190           | 3.113           | 222            |
| Tordoia                           | 2.099          | 237                     | 122           | 68            | 2.526           | 126            |
| Trazo                             | 1.699          | 221                     | 90            | 41            | 2.051           | 107            |
| <b>Comarca de Santiago</b>        | 66.833         | 11.921                  | 2.787         | 2.402         | 83.943          | 6.889          |
| Ames                              | 7.646          | 933                     | 337           | 128           | 9.044           | 725            |
| Boqueixón                         | 2.035          | 378                     | 163           | 170           | 2.746           | 136            |
| Brión                             | 2.738          | 395                     | 130           | 85            | 3.348           | 222            |
| Santiago                          | 42.740         | 8.279                   | 1.500         | 1.571         | 54.090          | 4.859          |
| Teo                               | 7.234          | 1.107                   | 396           | 199           | 8.936           | 784            |
| Val do Dubra                      | 2.056          | 360                     | 120           | 61            | 2.597           | 15             |
| Vedra                             | 2.384          | 469                     | 141           | 188           | 3.182           | 148            |
| <b>Comarca de O Sar</b>           | 7.537          | 1.374                   | 411           | 386           | 9.708           | 681            |
| Dobro                             | 1.365          | 242                     | 85            | 74            | 1.766           | 110            |
| Padrón                            | 4.020          | 784                     | 226           | 199           | 5.229           | 323            |
| Rois                              | 2.152          | 348                     | 100           | 113           | 2.713           | 248            |
| <b>Comarca de Terra de Melide</b> | 5.228          | 1.039                   | 137           | 279           | 6.683           | 302            |
| Melide                            | 2.853          | 669                     | 60            | 200           | 3.782           | 186            |
| Santiso                           | 885            | 123                     | 32            | 30            | 1.070           | 45             |
| Sobrado                           | 912            | 156                     | 32            | 34            | 1.134           | 40             |
| Toques                            | 578            | 91                      | 13            | 15            | 697             | 31             |
| <b>Comarca de Xallas</b>          | 7.070          | 1.100                   | 204           | 335           | 8.709           | 471            |
| Mazaricos                         | 2.321          | 315                     | 52            | 86            | 2.774           | 169            |
| Santa Comba                       | 4.749          | 785                     | 152           | 249           | 5.935           | 302            |
| <b>Comarca de A Barcala</b>       | 4.770          | 713                     | 161           | 175           | 5.819           | 320            |
| A Baña                            | 1.914          | 218                     | 69            | 25            | 2.226           | 117            |
| Negreira                          | 2.856          | 495                     | 92            | 150           | 3.593           | 203            |
| <b>Comarca do Barbanza</b>        | 24.835         | 3.927                   | 1.180         | 643           | 30.585          | 2.005          |
| Boiro                             | 7.214          | 1.172                   | 348           | 204           | 8.938           | 597            |
| Pobra do Caramiñal                | 3.740          | 541                     | 169           | 69            | 4.519           | 259            |
| Rianxo                            | 4.755          | 788                     | 229           | 166           | 5.938           | 447            |
| Ribeira                           | 9.126          | 1.426                   | 434           | 204           | 11.190          | 702            |
| <b>Comarca de Arzúa</b>           | 8.007          | 1.401                   | 301           | 464           | 10.173          | 433            |
| Arzúa                             | 2.868          | 521                     | 91            | 153           | 3.633           | 172            |
| Boimorto                          | 1.059          | 175                     | 25            | 48            | 1.307           | 43             |
| O Pino                            | 2.084          | 350                     | 61            | 136           | 2.631           | 114            |
| Touro                             | 1.996          | 355                     | 124           | 127           | 2.602           | 104            |
| <b>Área funcional de Santiago</b> | <b>161.056</b> | <b>26.990</b>           | <b>6.622</b>  | <b>6.036</b>  | <b>200.704</b>  | <b>13.781</b>  |
| <b>Provincia A Coruña</b>         | <b>479.643</b> | <b>72.863</b>           | <b>20.377</b> | <b>16.730</b> | <b>589.613</b>  | <b>39.484</b>  |
| <b>Santiago/A Coruña (%)</b>      | <b>33,6</b>    | <b>37,0</b>             | <b>32,5</b>   | <b>36,1</b>   | <b>34,0</b>     | <b>34,9</b>    |

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

**Cadro 2.6.**

valores absolutos que recollen aspectos do contexto económico da área analizada, proporcionando unha idea cualitativa das distintas comarcas.

Así, o **cadro 2.5.** recolle en primeiro lugar o **número de teléfonos** existentes na área funcional así como o seu uso, diferenciando entre uso doméstico e outro uso: o 34,7% e o 33,8% dos teléfonos de uso doméstico e non doméstico, respectivamente, existentes na provincia de A Coruña están localizados na área funcional de Santiago. Os concellos con maior poboación, Santiago de Compostela, Ribeira e Ames, son os que posúen un maior número de teléfonos, existindo, para o ano 2004, 4,3 teléfonos por cada 10 habitantes no concello de Santiago e 3,6 e 3,5 teléfonos por cada 10 habitantes nos concellos de Ames e Ribeira, respectivamente.

Por outra banda, o 34,7% das **entidades financeiras** existentes na provincia de A Coruña están localizadas na área funcional de Santiago, destacando tamén o feito de que na área funcional obxecto de estudio neste informe sitúanse dúas das tres cooperativas de crédito existentes a nivel provincial. Por volume de sucursais destaca o concello de Santiago, con 106, seguido por Ribeira e Ames. con 22 e 15, respectivamente.

Outra variable económica importante á hora de analizar o panorama económico da área funcional é o **parque de vehículos** existente, **cadro 2.6.**, que mostra como na área funcional están localizados o 34% do total de vehículos existentes na provincia de A Coruña, así como o 34,9% das matriculacións. Entre os 39 concellos que compoñen a área funcional, o de Santiago o que acolle a maior densidade tanto de vehículos como de matriculacións.

#### • Área comercial de Santiago de Compostela

Para finalizar esta aproximación á realidade económica da área funcional, o **cadro 2.7.** e o **mapa 2.1.** mostran algúns datos da área comercial de Santiago, definida como o espazo xeográfico formado polo conxunto de municipios cuxa poboación se sente atraída comercialmente polo concello de Santiago, que constitúe a cabeceira da área comercial. As áreas comerciais non coinciden xeograficamente coas áreas funcionais e non teñen por qué estar xeograficamente limitadas polas fronteiras provinciais.

Un total de 338.996 persoas realizan directamente as súas compras na cabeceira de área, sen gravitar sobre o concello cabeceira de subárea comercial. Tendo en conta aos individuos que gravitan directamente na cabeceira de subárea (o concello de Lalín), que son consumidores de gravitación compartida, a área comercial de Santiago atrae a un total de 477.087 cidadanos das provincias de A Coruña e Pontevedra, tal como se observa no devandito **mapa 2.1.**

Para analizar a importancia económica ou a capacidade de consumo do concello de Santiago de Compostela, como cabeceira de área comercial, estúdase o mercado potencial, entendido como o volume de vendas anual do comercio retalista dun concello ao longo dun ano (neste caso, 2003). Estas vendas estímase indirectamente a través do gasto realizado nos establecementos comerciais do concello polos consumidores domiciliados no mesmo (mercado potencial local), polos residentes no resto da área comercial (mercado potencial resto de área) e polos turistas (mercado potencial do turismo).

Por outra banda, o mercado potencial do concello de Santiago móstrase desglosado atendendo á tipoloxía do ben adquirido: alimentación, vestido e calzado, fogar, resto de non alimentación e total non alimentación.


O concepto *Alimentación* refírese aos gastos realizados en alimentación e bebidas (alcohólicas e non alcohólicas), que inclúen os gastos en pan e cereais, carnes, peixe, leite, ovos e queixo, aceites e graxa, froitas e legumes, patacas e outros tubérculos, azucre, café, te, cacao e outros produtos alimen-

**Resumen datos área comercial de Santiago de Compostela**

| Zonas                                                   | Nº habitantes | área comercial<br>(%) |
|---------------------------------------------------------|---------------|-----------------------|
| Cabeceira da área comercial de Santiago de Compostela   | 92.298        | 19,3                  |
| Concellos que gravitan directamente á cabeceira da área | 338.996       | 71,1                  |
| Subáreas comerciais                                     | 45.793        | 9,6                   |
| Área comercial non cabeceira de área                    | 384.789       | 80,7                  |
| Área comercial total                                    | 477.087       | 100                   |

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

**Cadro 2.7.**



**Mapa 2.1.**

*Mercado potencial das áreas comerciais de Galicia*

| Concellos cabeceira de área   | Poboación     | Gasto total por habitante | Mercado potencial local | Mercado potencial resto área e turismo | Mercado potencial total |
|-------------------------------|---------------|---------------------------|-------------------------|----------------------------------------|-------------------------|
|                               | (01/01/04)    | (€)                       |                         | (millóns de €)                         |                         |
| A Coruña                      | 242.846       | 3.239                     | 787                     | 272                                    | 1.059                   |
| Ferrol                        | 77.859        | 3.192                     | 249                     | 50                                     | 299                     |
| Lugo                          | 91.426        | 3.256                     | 298                     | 130                                    | 428                     |
| Ourense                       | 108.600       | 3.056                     | 332                     | 193                                    | 525                     |
| Pontevedra                    | 78.715        | 3.280                     | 258                     | 118                                    | 376                     |
| <b>Santiago de Compostela</b> | <b>92.298</b> | <b>3.192</b>              | <b>295</b>              | <b>167</b>                             | <b>462</b>              |
| Vigo                          | 292.059       | 3.021                     | 882                     | 299                                    | 1.181                   |

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

**Cadro 2.8.**

*Mercado potencial de produtos alimentarios das áreas comerciais de Galicia*

| Concellos cabeceira de área   | Poboación     | Gasto alimentación por habitante | Mercado potencial local | Mercado potencial resto área e turismo | Mercado potencial total |
|-------------------------------|---------------|----------------------------------|-------------------------|----------------------------------------|-------------------------|
|                               | (01/01/04)    | (€)                              |                         | (millóns de €)                         |                         |
| A Coruña                      | 242.846       | 1.633                            | 397                     | 141                                    | 538                     |
| Ferrol                        | 77.859        | 1.666                            | 130                     | 27                                     | 157                     |
| Lugo                          | 91.426        | 1.632                            | 149                     | 69                                     | 218                     |
| Ourense                       | 108.600       | 1.603                            | 174                     | 114                                    | 288                     |
| Pontevedra                    | 78.715        | 1.599                            | 126                     | 59                                     | 185                     |
| <b>Santiago de Compostela</b> | <b>92.298</b> | <b>1.666</b>                     | <b>154</b>              | <b>91</b>                              | <b>245</b>              |
| Vigo                          | 292.059       | 1.613                            | 471                     | 164                                    | 635                     |

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

**Cadro 2.9.**

ticios, así como bebidas non alcohólicas e bebidas alcohólicas. Tratándose en todo caso de produtos consumidos no fogar.

O termo *vestido e calzado* comprende os gastos realizados en vestido e calzado excluindo as reparacións.

O termo *fogar* comprende os gastos que se realizan en mobles, artigos de mobiliario, artigos para o fogar e gastos de conservación correntes da caso así como en accesorios fixos, alfombras, téxtiles, aparatos de calefacción, cociña, frigoríficos, entre outros.

O concepto *resto de non alimentación* recolle os gastos en aparatos de radio, televisión, material fotográfico, instrumentos de música, embarcacións e outros bens recreativos, xoiás, artigos de viaxe e de papelería, entre outros.

Tendo en conta os conceptos sinalados, os **cadros 2.8., 2.9. e 2.10.** amosan os datos dos mercados potenciais comparados dos sete concellos cabeceira de área comercial existentes en Galicia.

Dada a poboación e gasto medio por habitante, o volume do mercado potencial de Santiago é de 462 millóns de euros, dos que 295 millóns de euros corresponden ao mercado potencial local e os restantes 167 millóns de euros ao mercado potencial do resto da área e do turismo. O mercado potencial do concello de Santiago é o cuarto máis importante de Galicia, por detrás dos concellos de Vigo, A Coruña e Ourense (**cadro 2.8.**).

**Mercado potencial de produtos non alimentarios das áreas comerciais de Galicia**

| Concellos cabeceira de área | Poboación | Gasto por habitante  |       |                           |                           | Mercado potencial local |       |                           |                           | Mercado potencial<br>resto da área e<br>turismo | Mercado<br>potencial<br>total non<br>alimentario |
|-----------------------------|-----------|----------------------|-------|---------------------------|---------------------------|-------------------------|-------|---------------------------|---------------------------|-------------------------------------------------|--------------------------------------------------|
|                             |           | Vestido e<br>calzado | Fogar | Resto non<br>alimentación | Total non<br>alimentación | Vestido e<br>calzado    | Fogar | Resto non<br>alimentación | Total non<br>alimentación |                                                 |                                                  |
|                             |           |                      |       |                           |                           |                         |       |                           |                           |                                                 |                                                  |
| (01/01/04)                  |           |                      |       |                           |                           |                         |       |                           |                           |                                                 |                                                  |
| A Coruña                    | 242.846   | 557                  | 345   | 704                       | 1.606                     | 135                     | 84    | 171                       | 390                       | 131                                             | 521                                              |
| Ferrol                      | 77.859    | 688                  | 326   | 512                       | 1.526                     | 54                      | 25    | 40                        | 119                       | 23                                              | 142                                              |
| Lugo                        | 91.426    | 793                  | 394   | 437                       | 1.624                     | 73                      | 36    | 40                        | 149                       | 61                                              | 210                                              |
| Ourense                     | 108.600   | 698                  | 353   | 402                       | 1.453                     | 76                      | 38    | 44                        | 158                       | 79                                              | 237                                              |
| Pontevedra                  | 78.715    | 713                  | 371   | 597                       | 1.681                     | 56                      | 29    | 47                        | 132                       | 59                                              | 191                                              |
| Santiago de Compostela      | 92.298    | 688                  | 326   | 512                       | 1.526                     | 64                      | 30    | 47                        | 141                       | 76                                              | 217                                              |
| Vigo                        | 292.059   | 593                  | 378   | 437                       | 1.408                     | 173                     | 110   | 128                       | 411                       | 135                                             | 546                                              |

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

**Cadro 2.10.**

Desagregando este mercado potencial entre alimentario e non alimentario, o **cadro 2.9.** mostra os mercados potenciais alimentarios dos sete concellos cabeceira de área. O gasto por habitante en produtos alimentarios na área comercial de Santiago sitúase en 1.666 euros, o máis elevado xunto co gasto no concello de Ferrol, dos determinados para as sete áreas comerciais. O mercado potencial alimentario do concello de Santiago sitúase en 245 millóns de euros, dos que 154 millóns de euros corresponden ao mercado potencial local e 91 millóns de euros, ao mercado potencial do resto da área e ao turismo. Ao igual que acontecía cos datos do mercado potencial conxunto, tendo en conta o volume do mercado potencial alimentario, a área comercial de Santiago sitúase no cuarto lugar en importancia.

Finalmente, no que respecta ao mercado potencial de produtos non alimentarios, o **cadro 2.10.** indica que na área comercial de Santiago o gasto máis elevado por habitante é o destinado a vestido e calzado, con 688 euros por habitante, seguido do gasto no concepto resto non alimentación, con 512 euros por habitante, e do fogar, con 326 euros por habitante. Polo tanto, o gasto medio en Santiago en produtos non alimentarios é de 1.526 euros por habitante. Tendo en conta a poboación e o sinalado gasto medio, o mercado potencial da área comercial de Santiago en produtos non alimentarios ascende a 217 millóns de euros, dos que 141 corresponde ao mercado potencial local e 76 millóns de euros ao mercado potencial do resto da área e ao turismo. Neste caso, Santiago segue sendo a cuarta área comercial segundo o volume do seu mercado potencial.

### Indicadores demográficos

No capítulo **1.- Demografía e territorio** do presente informe analízase a estrutura poboacional da área funcional de Santiago, entre outros aspectos. Neste apartado trátase de dar unha visión da realidade social da zona a través de diversos índices demográficos, para, partindo desta visión xeral, analizar en posteriores capítulos o panorama social da área funcional.

O **cadro 2.11.** mostra como a idade media da poboación nas dez comarcas da área funcional vai dende os 40,3 anos da comarca de Santiago ata os 46,7 anos da comarca de A Barcala, sendo a comarca de Santiago a única que está por debaixo da idade media da provincia de A Coruña, que, a un de xaneiro de 2004, era de 42,7 anos.

Os índices de envellecemento da poboación a nivel comarcal e municipal dentro da área funcional reflicten, en primeiro lugar, que o índice de infancia –número de nenos entre 0 e 14 anos por cada 100 habitantes– nas comarcas do Barbanza e Santiago está por riba do índice medio provincial, así como do índice de infancia para Galicia, que no citado ano se sitúa no 11,4. Sen embargo, este índice para o conxunto do Estado español sitúase no 14,2%, valor que dentro da área funcional só superan os concellos de Ames, Oroso, Teo e Ribeira.

O índice de xuventude, que reflicte a porcentaxe de xoves entre 15 e 29 anos por cada 100 habitantes, acada o 20,4% no conxunto da provincia de A Coruña, porcentaxe que superan catro das dez comarcas que compoñen a área funcional (Ordes, Santiago, O Sar e O Barbanza), fronte a comarcas como Arzúa ou Terra de Melide, que se sitúan en torno ao 18%, afastadas do 20,3% de Galicia ou do 21,5% da poboación española nesta franxa de idade.

Os índices de vellez e sobreenvellecemento reflicten, respectivamente, o número de maiores de entre 65 e 84 anos e os maiores de 84 anos existentes por cada 100 habitantes. No que respecta ao índice de vellez, só dúas comarcas da área funcional, Santiago e Barbanza, teñen un índice inferior ao valor medio provincial (17,8%) e galego (18,7%), mentres que as restantes oito comarcas presentan valores superiores á media, acadando o 24,4% na Terra de Melide. A nivel municipal, destacan concellos como Boimorto ou Sobrado, onde aproximadamente o 30% da súa poboación ten entre 65 e 84 anos. En todo caso, tanto a nivel comarcal como municipal, a área funcional está moi por encima do índice de vellez medio español, que se sitúa no 15,1% a un de xaneiro de 2004.

*Índice de feminidade, de idade media e de envellecemento na área funcional de Santiago a 1/01/2004*

|                            | Índice de feminidade | Idade media poboacional | Índices de envellecemento da poboación |           |        |                     |
|----------------------------|----------------------|-------------------------|----------------------------------------|-----------|--------|---------------------|
|                            |                      |                         | Infancia                               | Xuventude | Vellez | Sobreenvellecemento |
| Comarca de Muros           | 1,07                 | 45,10                   | 10,10                                  | 19,60     | 21,90  | 12,50               |
| Carnota                    | 1,08                 | 47,60                   | 7,70                                   | 19,30     | 24,80  | 14,20               |
| Muros                      | 1,07                 | 43,80                   | 11,40                                  | 19,80     | 20,30  | 11,50               |
| Comarca de Noia            | 1,08                 | 43,50                   | 11,30                                  | 20,40     | 19,50  | 13,80               |
| Lousame                    | 1,10                 | 46,50                   | 10,10                                  | 19,00     | 24,30  | 13,80               |
| Noia                       | 1,09                 | 41,70                   | 12,10                                  | 21,40     | 16,70  | 13,30               |
| Outes                      | 1,10                 | 46,60                   | 8,90                                   | 18,80     | 23,60  | 14,80               |
| Porto do Son               | 1,03                 | 42,40                   | 12,50                                  | 20,90     | 18,40  | 13,40               |
| Comarca de Ordes           | 1,04                 | 43,60                   | 10,70                                  | 20,60     | 19,60  | 12,40               |
| Cerceda                    | 1,05                 | 46,30                   | 8,40                                   | 19,20     | 24,00  | 11,80               |
| Frades                     | 1,01                 | 45,30                   | 9,00                                   | 21,00     | 22,00  | 12,80               |
| Mesia                      | 0,99                 | 47,30                   | 8,00                                   | 19,10     | 25,50  | 12,90               |
| Ordes                      | 1,05                 | 41,70                   | 11,50                                  | 22,60     | 16,60  | 11,30               |
| Oroso                      | 1,02                 | 37,50                   | 16,10                                  | 21,40     | 12,20  | 12,60               |
| Tordoia                    | 1,10                 | 47,40                   | 8,20                                   | 17,60     | 24,20  | 13,60               |
| Trazo                      | 1,03                 | 46,30                   | 8,90                                   | 19,40     | 22,80  | 13,30               |
| Comarca de Santiago        | 1,10                 | 40,30                   | 12,80                                  | 21,70     | 14,40  | 13,50               |
| Ames                       | 1,06                 | 35,90                   | 17,70                                  | 19,50     | 9,40   | 13,80               |
| Boqueixón                  | 1,03                 | 42,70                   | 11,80                                  | 20,80     | 19,90  | 11,50               |
| Brión                      | 1,07                 | 43,30                   | 11,90                                  | 19,00     | 19,20  | 14,90               |
| Santiago                   | 1,13                 | 40,80                   | 11,80                                  | 22,50     | 14,80  | 13,30               |
| Teo                        | 1,04                 | 38,60                   | 14,50                                  | 22,40     | 11,80  | 12,40               |
| Val do Dubra               | 1,06                 | 47,00                   | 9,00                                   | 17,70     | 23,30  | 15,70               |
| Vedra                      | 1,08                 | 43,10                   | 10,70                                  | 22,20     | 18,50  | 15,70               |
| Comarca de O Sar           | 1,09                 | 42,80                   | 10,90                                  | 22,00     | 18,80  | 12,80               |
| Dobro                      | 1,05                 | 43,40                   | 10,00                                  | 22,10     | 19,30  | 12,80               |
| Padrón                     | 1,09                 | 41,60                   | 11,60                                  | 22,60     | 17,20  | 12,30               |
| Roís                       | 1,11                 | 44,60                   | 10,20                                  | 20,80     | 21,50  | 13,50               |
| Comarca de Terra de Melide | 1,01                 | 46,40                   | 9,90                                   | 17,90     | 24,40  | 15,00               |
| Melide                     | 1,05                 | 44,70                   | 10,70                                  | 19,60     | 21,50  | 17,00               |
| Santiso                    | 0,97                 | 48,10                   | 9,00                                   | 16,50     | 27,90  | 11,70               |
| Sobrado                    | 0,99                 | 49,50                   | 8,60                                   | 14,80     | 28,80  | 15,00               |
| Toques                     | 0,94                 | 47,70                   | 8,60                                   | 16,50     | 27,10  | 11,80               |
| Comarca de Xallas          | 1,07                 | 42,70                   | 10,00                                  | 19,90     | 21,40  | 15,30               |
| Mazaricos                  | 1,08                 | 45,70                   | 9,40                                   | 19,40     | 22,30  | 14,30               |
| Santa Comba                | 1,06                 | 45,00                   | 10,40                                  | 20,10     | 20,90  | 15,80               |
| Comarca de A Barcala       | 1,09                 | 46,70                   | 8,40                                   | 19,00     | 23,20  | 15,40               |
| A Baña                     | 1,07                 | 48,40                   | 7,60                                   | 17,60     | 25,00  | 15,70               |
| Negreira                   | 1,10                 | 45,50                   | 9,00                                   | 20,10     | 21,80  | 15,10               |
| Comarca do Barbanza        | 1,05                 | 40,50                   | 13,90                                  | 21,70     | 16,30  | 11,90               |
| Boiro                      | 1,06                 | 39,90                   | 14,10                                  | 22,60     | 15,50  | 11,80               |
| Pobra do Caramiñal         | 1,08                 | 41,30                   | 13,10                                  | 21,20     | 17,70  | 11,80               |
| Rianxo                     | 1,05                 | 42,60                   | 12,10                                  | 20,80     | 18,80  | 12,20               |
| Ribeira                    | 1,03                 | 39,60                   | 14,80                                  | 21,70     | 15,20  | 11,80               |
| Comarca de Arzúa           | 1,02                 | 46,10                   | 10,00                                  | 18,20     | 23,80  | 14,30               |
| Arzúa                      | 1,04                 | 45,80                   | 9,90                                   | 18,30     | 23,00  | 13,80               |
| Boimorto                   | 0,98                 | 48,60                   | 8,90                                   | 15,90     | 29,20  | 13,50               |
| O Pino                     | 1,02                 | 45,40                   | 10,30                                  | 19,50     | 21,90  | 16,10               |
| Touro                      | 1,03                 | 45,70                   | 10,60                                  | 17,90     | 24,10  | 13,70               |
| Provincia A Coruña         | 1,08                 | 42,70                   | 11,30                                  | 20,40     | 17,80  | 13,10               |

Fonte: Caixanova, Atlas socio-económico de Galicia

**Cadro 2.11.**

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL  
INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA

*Índices de dependencia socio-económica na área funcional de Santiago a 1/01/2004*

|                                   | Nenos | Maiores | Nenos e<br>maiores | Estrutura da poboación<br>en idade potencialmente<br>activa | Reemprazo poboación en<br>idade potencialmente<br>activa |
|-----------------------------------|-------|---------|--------------------|-------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|
| <b>Comarca de Muros</b>           | 15,50 | 37,70   | 53,20              | 100,70                                                      | 91,80                                                    |
| Carnota                           | 12,10 | 44,30   | 56,40              | 92,40                                                       | 85,00                                                    |
| Muros                             | 17,20 | 34,40   | 51,60              | 105,20                                                      | 95,80                                                    |
| <b>Comarca de Noia</b>            | 17,00 | 33,40   | 50,40              | 108,80                                                      | 102,70                                                   |
| Lousame                           | 16,20 | 44,50   | 60,70              | 98,80                                                       | 91,90                                                    |
| Noia                              | 17,60 | 27,50   | 45,10              | 114,90                                                      | 108,90                                                   |
| Outes                             | 14,00 | 42,20   | 56,20              | 99,50                                                       | 86,20                                                    |
| Porto do Son                      | 18,80 | 31,30   | 50,10              | 111,20                                                      | 112,90                                                   |
| <b>Comarca de Ordes</b>           | 15,80 | 32,80   | 48,70              | 109,60                                                      | 105,50                                                   |
| Cereda                            | 13,00 | 41,60   | 54,60              | 104,00                                                      | 88,50                                                    |
| Frades                            | 13,60 | 37,50   | 51,10              | 101,10                                                      | 110,10                                                   |
| Mesía                             | 12,70 | 45,50   | 58,20              | 98,50                                                       | 92,90                                                    |
| Ordes                             | 16,40 | 26,40   | 42,80              | 114,90                                                      | 116,00                                                   |
| Oroso                             | 22,90 | 19,60   | 42,50              | 149,40                                                      | 154,10                                                   |
| Tordoia                           | 12,80 | 42,80   | 55,60              | 85,20                                                       | 78,40                                                    |
| Trazo                             | 13,60 | 39,60   | 53,20              | 92,90                                                       | 93,20                                                    |
| <b>Comarca de Santiago</b>        | 18,10 | 23,10   | 41,30              | 118,20                                                      | 125,60                                                   |
| Ames                              | 24,70 | 14,90   | 39,60              | 151,70                                                      | 153,30                                                   |
| Boqueixón                         | 17,80 | 33,60   | 51,50              | 119,60                                                      | 132,20                                                   |
| Brión                             | 18,00 | 33,40   | 51,40              | 106,30                                                      | 106,90                                                   |
| Santiago                          | 16,60 | 23,40   | 40,00              | 115,20                                                      | 123,80                                                   |
| Teo                               | 20,20 | 18,40   | 38,60              | 112,50                                                      | 137,00                                                   |
| Val do Dubra                      | 14,00 | 42,00   | 56,00              | 91,80                                                       | 75,60                                                    |
| Vedra                             | 15,80 | 31,50   | 47,30              | 112,40                                                      | 122,30                                                   |
| <b>Comarca de O Sar</b>           | 16,10 | 31,40   | 47,50              | 116,00                                                      | 117,10                                                   |
| Dobro                             | 14,70 | 32,00   | 46,70              | 110,30                                                      | 114,40                                                   |
| Padrón                            | 16,80 | 27,90   | 44,80              | 121,70                                                      | 123,40                                                   |
| Rois                              | 15,70 | 37,40   | 53,00              | 109,60                                                      | 108,10                                                   |
| <b>Comarca de Terra de Melide</b> | 15,90 | 45,10   | 61,00              | 103,20                                                      | 96,60                                                    |
| Melide                            | 16,70 | 39,20   | 55,90              | 112,80                                                      | 109,90                                                   |
| Santiso                           | 15,10 | 52,20   | 67,30              | 97,30                                                       | 80,90                                                    |
| Sobrado                           | 14,80 | 56,80   | 71,50              | 83,00                                                       | 71,80                                                    |
| Toques                            | 14,00 | 49,60   | 63,60              | 96,00                                                       | 99,40                                                    |
| <b>Comarca de Xallas</b>          | 15,30 | 37,70   | 53,00              | 101,90                                                      | 95,50                                                    |
| Mazaricos                         | 14,40 | 39,20   | 53,70              | 100,70                                                      | 101,80                                                   |
| Santa Comba                       | 15,80 | 36,90   | 52,70              | 102,60                                                      | 92,20                                                    |
| <b>Comarca de A Barcala</b>       | 13,00 | 41,30   | 54,20              | 101,10                                                      | 83,50                                                    |
| A Baña                            | 12,00 | 45,60   | 57,50              | 86,70                                                       | 73,40                                                    |
| Negreira                          | 13,70 | 38,10   | 51,90              | 113,00                                                      | 92,50                                                    |
| <b>Comarca do Barbanza</b>        | 20,50 | 26,80   | 47,30              | 126,60                                                      | 120,80                                                   |
| Boiro                             | 20,60 | 25,30   | 45,90              | 130,50                                                      | 123,00                                                   |
| Pobra do Caramiñal                | 19,60 | 29,40   | 49,00              | 124,70                                                      | 127,80                                                   |
| Rianxo                            | 18,10 | 31,60   | 49,80              | 114,20                                                      | 107,50                                                   |
| Ribeira                           | 21,70 | 24,80   | 46,60              | 130,30                                                      | 123,20                                                   |
| <b>Comarca de Arzúa</b>           | 16,00 | 43,40   | 59,30              | 100,50                                                      | 102,60                                                   |
| Arzúa                             | 15,40 | 40,90   | 56,40              | 98,40                                                       | 99,80                                                    |
| Boimorto                          | 15,30 | 57,10   | 72,40              | 99,20                                                       | 89,10                                                    |
| O Pino                            | 16,00 | 39,60   | 55,60              | 99,10                                                       | 112,30                                                   |
| Touro                             | 17,00 | 44,20   | 61,20              | 106,10                                                      | 103,20                                                   |
| <b>Provincia A Coruña</b>         | 16,50 | 29,40   | 45,90              | 110,60                                                      | 102,40                                                   |

Fonte: Caixanova, *Atlas socio-económico de Galicia*

**Cadro 2.12.**

As comarcas costeiras da área funcional, Noia, Muros e Barbanza, así como as comarcas de Ordes, O Sar e Santiago, presentan valores do índice de sobreenvellecemento por debaixo da media galega (14,1%), e, agás nos casos de Santiago e Noia, por debaixo tamén da media provincial (13,1%). Sen embargo, tanto a nivel comarcal como municipal, a área funcional de Santiago ten índices de sobreenvellecemento superiores á media española (10,9%), destacando a existencia de concellos, como Melide ou O Pino, onde o 17% e o 16,1% da súa poboación, respectivamente, ten máis de 85 anos.

Partindo da estrutura poboacional analizada, o **cadro 2.12**. mostra os índices de dependencia existentes na área funcional, tanto a nivel comarcal como municipal a un de xaneiro de 2004.

O índice de dependencia dos nenos mostra o número de nenos (de 0 a 14 anos) por cada 100 adultos en idade de traballar (de 15 a 64 anos). Dentro da área funcional, esta porcentaxe só é superior á media provincial (16,5%) e á galega (17%) nas comarcas do Barbanza (20,5%), Santiago (18,1%) e Noia (17%), aínda que non acadan a media española (20,6%). Sen embargo, esta media supérase en concellos como Ames, onde hai 24,7 nenos por cada 100 adultos en idade de traballar, ou Oroso, con 22,9 nenos.

No que respecta ao índice de dependencia de maiores, que mostra o número de persoas maiores de 65 anos por cada 100 adultos en idade de traballar (de 15 a 64 anos), este reflicte a estrutura das pirámides de poboación analizadas no capítulo anterior. O estreitamento no centro das pirámides poboacionais reflíctese en elevados índices de dependencia que, en sete das dez comarcas que compoñen a área funcional, supera a media galega (situada no 31,7%), acadando valores do 45,1% ou do 43,4% nas comarcas de Terra de Melide e Arzúa, respectivamente. A nivel municipal, en tres concellos da área funcional o valor do índice de dependencia de maiores sitúase por debaixo do valor medio do conxunto do Estado (24,5%): en Teo, Oroso e Ames a poboación de máis de 65 anos é inferior ao 20% da poboación activa.

A poboación en idade potencialmente activa (de 15 a 64 anos) estrutúrase en dúas partes, de 15 a 39 anos e de 40 a 64 anos. A porcentaxe de poboación de 15 a 39 anos entre a poboación de 40 a 64 anos é o chamado índice da estrutura da poboación en idade potencialmente activa. Nas dez comarcas da área funcional de Santiago a poboación entre 15 e 39 anos supera en número á poboación entre 40 e 64 anos, aínda que só superan o valor do citado índice a nivel provincial (110,6%) e galego (111,6%) as comarcas de Santiago, O Sar e o Barbanza, superando neste último caso tamén o índice medio para o conxunto do estado español (125,8%).

Finalmente, o índice de reemprazo da poboación en idade potencialmente activa mostra a porcentaxe de poboación de 15 a 24 anos sobre a poboación de 55 a 64 anos. Nas comarcas de A Barcala, Xallas e Terra de Melide acada un valor negativo, xa que a poboación de 15 a 24 anos é inferior á de entre 55 e 64 anos, mentres que na comarca de Santiago a poboación de 15 a 24 anos é un 25,6% superior á de idade comprendida entre 55 e 64 anos, superando deste xeito mesmo ao índice de reemprazo a nivel estatal, que se sitúa, a un de xaneiro de 2004, no 124,2%. ■